

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 20 de xuño de 2023 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de abril de 2023 e a sesión extraordinaria do 11 de maio de 2023.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación de prazas correspondentes.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondentes á oferta de emprego do ano 2022, e da creación de prazas correspondentes.
- * Aprobación das solicitudes de nomeamentos e prórrogas de profesorado emérito:
 - Nomeamento: Carlos Hervés Beloso
 - Prórroga: Antonio Vaamonde Liste
- * Aprobación das propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento da Universidade de Vigo para o curso 2024/2025.
- * Aprobación da modificación de pagos máximos por coordinación para todos os títulos propios.
- * Aprobación da convocatoria de retención de talento da Universidade de Vigo ano 2023.
- * Aprobación da modificación da normativa de contratación de persoal investigador.
- * Aprobación inicial da creación e participación da Universidade de Vigo no capital social da empresa de base tecnolóxica “Prismatrix”.
- * Aprobación da aceptación da doazón de material para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da empresa Centum Research And Technology, para a súa elevación ao Consello Social.
- * Aprobación da aceptación da doazón de material para o centro de investigación CINBIO e o grupo Blosuv da empresa Lonza Biologics Porriño SL., para a súa elevación ao Consello Social.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (IAA).
- * Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO polo sector PAS:
 - M^a Carmen Paredes Chapela.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.